

CAMPAÑA PUBLICITARIA

DOSSIER

ORGANIZACIÓN

Somos unha ONG autonómica chamada OGI (Organización Galega de Inmigrantes) creada no 2008. Loitamos polos dereitos humanos como a igualdade de xénero, LGTBIQ+ e racial pero centrámonos máis nas persoas inmigrantes discriminadas por iso nos diferenciamos de outras ONG.

A nosa ONG xurdiu na vila O Grove, primeiro comezamos traballando 4 persoas pero co prestixio que conseguimos acabamos sendo 120 empregados e voluntarios entre os cales hai psicólogos, avogados, albaneis, arquitectos e médicos. Agora grazas ao noso crecemento encontrámonos en Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, O Grove e Ourense. Gañamos visibilidade grazas as nosas numerosas campañas e obras caritativas. Unha das máis destacadas foi a que realizamos no 2013 na cidade de A Coruña, consistía nun torneo de fútbol para todas as categorías onde recadamos 100.000 euros, ademais as/os rapazas/ces que estaban na nosa ONG tamén participaron nun equipo.

Os noso principal obxectivo é que os inmigrantes ao chegar a Galiza teñan as mellores condicións de vida posibles e por iso tomamos certas medidas, como facer charlas nos institutos e colexios e poñer postos informativos nas rúas sobre este tema. Por outra parte estamos vinculados ca cooperativa de xoubas Marouba debido a que dispón de comedores sociais nos que algunhas persoas con menos recursos da nosa ONG acoden; tamén incentivamos con beneficios de distintos tipos para que as empresas contraten as/os inmigrantes sen importar a nacionalidade e que así teñan un salario acorde ao traballo realizado sen discriminacións.

As nosas campañas van dirixidas aos galegos para que nos axuden economicamente e para que voluntariamente participen na ONG de forma altruísta.

O noso logo identifícase moito ca mensaxe que queremos transmitir en OGI porque aparece a Terra para simbolizar que todas as persoas son benvidas deixando de lado o lugar de nacemento. Na parte inferior do logo aparece o slogan “Con todo e por todos”. Ao igual que o logo representa o noso compromiso e pase o que pase vamos dar o máximo posible polas persoas inmigrantes.

CAMPAÑA

A nosa campaña chámase “Por que me tratan diferente?” e a súa historia vai sobre unha inmigrante marroquí chamada Karima que acaba de chegar a Galiza, concretamente a unha vila mariñeira chamada Rianxo acompañada da súa familia, atópanse nunha situación algo complicada e con poucos recursos. Tras chegar a fronteira un grupo de gardas civís encóntrase ca familia, fanlle algunhas cuestións para saber si poden entrar no país e tras informalos da súa situación os gardas recoméndanlle acudir a OGI unha organización que se encarga de inmigrantes con poucos recursos tras entrar en Galiza. Estes chegan alí e explícanlle as súas condicións económicas a unha traballadora da ONG, esta infórmalle das axudas que aportan aos inmigrantes recentemente chegados con problemas financeiros, de discriminación, psicolóxicos ou do estilo. Pasados uns meses Karima sofre bullying na escola o que lle causa una inmensa tristeza xa que non só se meten con ela senón que tamén se meten ca súa familia e mófanse do seu lugar de procedencia e de que seus pais non teñen traballo, Karima moi afectada acude ao centro de OGI para recibir a atención dun psicólogo que a axude a afrontar este suceso. O noso especializado nestes casos axuda e dálle consellos para afrontalo mellor.

A familia máis adaptada a situación decide buscar un traballo para aumentar os seus ingresos, a nai de Karima, Ania, atopa un emprego perfecto para ela nun supermercado, tras presentarlle o seu currículo a empresa decide non aceptala debido ao país de onde ven e acaba quedándose sen o traballo, máis tarde presentase na comisaría para dar unha queixa cara o dono do local., A policía acude ao local e intenta solucionar o conflito para non ter que impoñer unha denuncia, finalmente chégase a un acordo co membro da empresa e Ania comeza a traballar e mellora moito o seu estado de ánimo xa que agora atópase incluída na sociedade e xa non é tan discriminada, por outra parte Karima xa non sofre acoso e agora centrase nos seus estudos para poder estudar o que ela queira, o pai de Karima abriu o seu propio negocio de fontanería no que traballa e gaña o suficiente para poder manter a familia. Tras un ano vivindo en Galiza conseguen sacar os seus gastos e débedas adiante, o apoio financeiro de OGI xa non lle é necesario pero poden seguir acudindo se o precisan para informar de algún problema, a familia está moi agradecida e teñen pensado vivir en Galiza para sempre grazas a OGI.

Esta proposta foi creada grazas a unha rapaza do centro de O Grove que nos inspirou ca súa triste historia. A campaña busca que a sociedade descubra a cara oculta da inmigración.

Para as/os rapazas/ces de OGI o cambio de país é moi difícil e unha experiencia moitas veces traumática.

Con esta campaña o que queremos lograr e que cada vez se discriminen menos aos inmigrantes sobre todo aos que son de fóra da Unión europea e teñen poucos ingresos. A nosa meta e que ninguén sexa marxinado e que non lles falte o necesario para ter unha vida cómoda e feliz.

Ademais enfocamos así a campaña para que cumprira estes obxectivos de desenvolto sostible (ODS): fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, igualdade de xénero, traballo e crecemento económico, paz xustiza , institucións sólidas, alianza para lograr os obxectivos pero sobre todo a ODS máis importante é a redución das desigualdades. O noso obxectivo é que nun futuro non faga falta esta ODS porque esperamos que as desigualdades deixen de existir.

ACCIONES DE CAMPAÑA

A campaña durará 15 días. Dende o 5 de xuño ata o 20 de xuño de 2023. Aparecerá na TVG e nas nosas redes sociais, Facebook e Instagram onde nos chamamos @OGIgaliza. Para promoverlo cada vila que conte cunha sucursal de OGI terá á súa disposición nalgunhas tendas do pequeno comercio uns boletos que cada 15 euros selaranse, cando o boleto este completo acudirán ao local da ONG e tirarán dunha ruleta no que se decidirá o seu agasallo. Outra forma de mostralo vai ser un serán benéfico o día 13 de xuño, onde recadaremos diñeiro mediante os cartos do concurso de rifas e das consumicións. Por último aos cativos/os de OGI fixeron algúns traballos manuais que venderan no mercado municipal o 8 de xuño.